

PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEVEDRA SOBRE INFRAESTRUTURAS VIARIAS E DOTACIONAIS

En Pontevedra reúnense, o 18 de novembro de 2015:

Por unha banda, **María del Carmen Silva Rego**, en nome e representación da **Deputación de Pontevedra** e en virtude do seu cargo como presidenta do devandito organismo.

Pola outra, **Miguel Anxo Fernández Lores**, en nome e representación do **Concello de Pontevedra** e en virtude da súa condición de alcalde.

Ambas as dúas partes recoñécense, no concepto no que respectivamente interveñen, coa capacidade legal necesaria para asinar o pre-protocolo de colaboración, e para o efecto,


EXPOÑEN QUE

Primeiro

A Deputación de Pontevedra, de conformidade co establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, é competente para a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios. Esta cooperación convértese en obriga nas materias cuxa competencia foi atribuída ás deputacións trala aprobación da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da administración local, que establece como fins propios e específicos da provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais.

Segundo

A Deputación e o Concello de Pontevedra comparten o criterio ou principio de que os concellos deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que lles ten que corresponder a decisión, o deseño e mais o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais, ao tempo que as deputacións deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que os concellos e a cidadanía poidan acadar os mesmos dereitos e servizos.



Terceiro

A colaboración entre ambas as institucións permitirá a realización de diversas actuacións que melloren os servizos para a cidadanía.

Na actualidade atópanse pendentes de execución algúns proxectos que atinxen ao Concello de Pontevedra, como os que deseguido se relacionan.

Deste xeito, no eido de colaboración interinstitucional ao respecto da rede viaria municipal e provincial, están por realizar proxectos para a mellora da pavimentación da antiga estrada provincial EP-003 Pedra do Lagarto-Marcón ou a mellora da pavimentación da antiga estrada provincial EP-0013 Mollavao-Sixto, que, xunto coa reparación da ponte da Gándara sobre o río Rons, en terreos da Xunqueira de Alba, formaban parte do convenio asinado o 14 de maio de 2015 para a execución de diversas actuacións na rede viaria municipal.

Cuarto

Á colaboración interinstitucional cómpre sumar a sintonía a día de hoxe entre Concello e Deputación noutras múltiples cuestións. Así as cousas, tomando como alicerces os amentados principios de colaboración e protagonismo dos concellos como axentes decisarios das políticas municipais e en desenvolvemento das competencias que a lexislación vixente lle atribúe á administración local, cómpre iniciarmos unha nova xeira nas relacións e na


colaboración entre as institucións asinantes e afondar na conxugación dos principios que rexen as relacións entre o Concello e a Deputación mediante a planificación e desenvolvemento de accións coordinadas nos temas e ámbitos que se relacionan deseguido:

1. Redes de saneamento:

a) **Saneamento nas parroquias de Mourente e Bora:** o Concello ten xa elaborado o proxecto para a instalación da nova rede de saneamento nos lugares de Carabelos, O Pazo, Eirós e Leirados, na parroquia de Mourente, que discorrerá pola beiravía da estrada de Ourense, N-541, entre os quilómetros 88, 89 e 90. Asemade, está a culminar a redacción do proxecto para a parte máis alta de Leirados. O número de persoas afectadas polo devandito proxecto é dunhas 650 (unhas 170 vivendas).

b) **Saneamento do río dos Gafos:** o Concello de Pontevedra acolle, no treito do río dos Gafos que discorre polo seu termo municipal, un colector de augas fecais que tamén dá servizo aos concellos de Ponte Caldelas e Vilaboa. Esta rede de sumidoiros atópase nunhas deficientes condicións que provocan, decote, a contaminación do devandito río, polo que cómpre actuar de xeito inmediato, coa instalación de novos colectores que discorrerán polo dominio público hidráulico.

Actualmente, están en fase de información pública e oficial e de estudio, respectivamente, dous proxectos para abordar o seu saneamento integral, constando a denuncia, pola Xunta de Galicia, do convenio asinado co Concello de Pontevedra para acometer as referidas obras.




2. Novo acceso a Monte Porreiro:

Para culminar os obxectivos de mobilidade pretendidos para o Concello de Pontevedra faise necesaria a dotación dunha nova vía que asuma o tráfico que accede a Monte Porreiro, de xeito que mellore a seguranza nesta zona e, asemade, permita retirar un tráfico improcedente e ambientalmente agresivo na beira do río Lérez, co obxectivo de poder seguir mellorando e recuperando desde o punto de vista ambiental esa zona para o goce de toda a cidadanía, sen prexuízo de que se manteña e priorice a mobilidade peonil e ciclista.

Para cumplir todos estes obxectivos os servizos técnicos do Concello elaboraron un anteproxecto no que se propón a construcción dun novo acceso a Monte Porreiro polos Campos que aproveite as infraestruturas xa construídas para o paso do tren de alta velocidade, xunto coas sinerxías da planificación e recepción da rede viaria do polígono da antiga parcela de TAFISA e as pegadas da rede viaria municipal rural existente.

3. Infraestruturas deportivas:

A promoción do deporte e da actividade física é unha das competencias atribuídas pola lexislación vixente á institución municipal. Malia o grande esforzo de medios e económico levado a cabo nos últimos quince anos para a mellora das instalacións deportivas municipais e a grande tradición deportiva deste Concello, en Pontevedra segue a existir unha carencia evidente de campos de fútbol coas características das instalacións más modernas e tamén dun pavillón polideportivo que permita complementar o vello Pavillón Municipal do Burgo, cuxo uso é partillado por múltiples clubs e variadas disciplinas deportivas.




a) **Campos de fútbol de herba sintética:** o alto número de clubs, xogadoras e xogadores de todas as categorías que hai en Pontevedra fai necesaria a construcción de, cando menos, sete campos de fútbol, que se poden agrupar do seguinte xeito:

- Preparación de campos de fútbol nas parroquias de Cerponzóns, Lérez, Santa María de Xeve, Campañó e Ponte Sampaio
- Ampliación e mellora da zona deportiva da Xunqueira I, a primeira en construírse neste concello, estudiando a posibilidade de prolongación desta zona cara á beira do río Rons
- Construción dun novo campo en Salcedo

b) **Novo pavillón polideportivo municipal:** Pontevedra conta cun pavillón municipal central que ten un valor arquitectónico excepcional, mais que ficou anticuado para a práctica deportiva e a realización de eventos, ademais de estar claramente sobresaturado pola desbordante demanda de usos dos diferentes clubs de diversas disciplinas deportivas.

Polo dito, cómpre abordar con urxencia a construcción dun novo pavillón que permita a comodidade e funcionalidade tanto das e dos deportistas coma do público asistente aos eventos e que permita cubrir toda a demanda existente e non convenientemente atendida na actualidade nunha cidade con decidida e recoñecida vocación deportiva.

A zona máis acaída para este novo pavillón é o barrio da Parda, tanto polo seu elevado volume de poboación e polo alto nivel de desenvolvemento que acadou nos últimos anos coma pola existencia dunha parcela municipal cunha cualificación urbanística axeitada para tal finalidade e na que a Xunta de Galicia non chegou a executar, malia o que se acordou, as instalacións deportivas comprometidas.



4. Parque provincial de maquinaria:

Na desembocadura do río Rons está situado o Parque de Maquinaria da Deputación de Pontevedra.

Trátase dunha zona de moi alto valor ecolóxico e ambiental que nos últimos anos foi gañando en calidade e en uso por parte da veciñanza de Pontevedra e que mesmo mereceu a súa adicional protección ambiental polo Concello mediante a súa declaración como ENIL.

Ademais, cómpre ter en conta que a cidade medrou cara ao barrio do Burgo e que esta instalación “industrial” se atopa agora mesmo descontextualizada e “incrustada” dentro do tecido urbano.


Faise preciso estudar o traslado do Parque de Maquinaria a outro emprazamento e devolverlle os terreos nos que se atopa á cidadanía de Pontevedra ou ao dominio público ao que pertencían.

Por todo canto antecede as partes asinantes formalizan este Protocolo de Colaboración, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira

A Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra comprométense a afondar na colaboración administrativa entre ambas as institucións e, expresamente, na cooperación para a planificación e execución dos proxectos e actuacións que se sinalan na parte expositiva deste convenio así como doutras infraestruturas ou actuacións que no futuro se poidan acordar neste mandato.



Segunda

Ambas as dúas institucións comprométense a axilizar ao máximo posible os estudos previos, anteproxectos, proxectos e memorias valoradas das actuacións a conveniar para o desenvolvemento deste acordo de colaboración.

Terceira

As obrigas que asumirán cada unha das partes asinantes en cada un dos eidos de colaboración enumerados, referidas á redacción e xestión dos proxectos executivos así como verbo dos correspondentes compromisos de financiamento, titularidade e mantemento das infraestruturas e dotacións, concretaranse nos correspondentes convenios interadministrativos para asinar, aos que se poderán incorporar outras administracións ou axentes implicados.

E, como proba de conformidade, asinan este **protocolo**, na data e no lugar sinalados no encabezamento,

Pola Deputación de Pontevedra

María del Carmen Silva Rego



Polo Concello de Pontevedra

Miguel Anxo Fernández Lores

